



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Casa das Minas e San Bernabé

COMUNIDAD PROPIETARIA

CHAMADOIRA

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Cerdedo

CERDEDO

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º 136 RE.º 5-11-2

15

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

Presidente: Excmo. Sr. Gobernador Civil
Don Faustino Ramos Díaz.
Vocales:
Don Miguel A. Delmas y Pórez de Salcedo.
Don José Luis de la Torre Nieto.
Don Alfonso Leirós Fernández.
Don Luis Solano Aguayo.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borragón.
Don Víctor Soto Bello.
Don Pedro Rial López.
Don Antonio Púa Gaité.
Don José L. Jorge Caramés.
Don Amador Fortes Varela.
Secretarios: Don Tomás Fernández Doctor.

En la Ciudad de
Pontevedra, siendo las -
diecisiete horas y trein-
ta minutos del día vein-
tiuno de septiembre de -
mil novecientos setenta
y ocho, y con la asisten-
cia de los señores que al

---oOo---

al margen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte denominado Casa das Minas y San Bernabé sito en el término municipal de Cerdado.

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 38 montes radicados en el Ayuntamiento de Cerdado, entre los que figura el denominado Casa das Minas y San Bernabé que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: CASA DAS MINAS Y SAN BERNABÉ.

Cabida: 139 Has.

Límites:

Norte: Término y monte de San Bernabé y Viduido.

Este: Río Seijo y monte Regaleis de Cabadosa.

Sur: Término municipal de Cotobad.

Oeste: Idem.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 19 de diciembre de 1977, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 38 montes radicados en el Ayuntamiento de Cerdado.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

Rf.º 5-1

RESULTANDO: Que por providencia del Sr. Instructor-Ponente se ha citado del Sr. Registrador de la Propiedad de La Estrada la inscripción preventiva del monte a que se refiere la presente resolución.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento de Cerdedo así como a los vecinos de Chamadoiro y a la Cámara Local Agraria de Cerdedo, todos en el mismo y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la provincia núm. 30 de fecha 6 de febrero de 1970.

RESULTANDO: Que conforme a lo dispuesto en el artículo 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 19 de su Reglamento, así como en el artículo 87 de la vigente Ley de Procedimiento Administrativo, se dió un plazo de dos meses de duración a los interesados a efectos de formular alegaciones.

RESULTANDO: Que ni el Ayuntamiento ni la Cámara Local Agraria de Cerdedo se han personado en el expediente.

RESULTANDO: Que la comunidad vecinal se personó en el expediente alegando, en síntesis, que el monte en cuestión es y debe ser considerado como vecinal en mano común.

RESULTANDO: Que el monte no consta inscrito en el Registro de la Propiedad ni está catalogado como de Utilidad Pública.

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de febrero de 1963 y el Reglamento para su aplicación de 26 de febrero de 1970, la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en comunitario.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley establece que a efectos de esta clasificación el que los montes estén inscritos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inscripciones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran medida a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes Registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las posibles inscripciones fueron efectuadas siempre a su nombre, como única entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el artículo 1 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad principal, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo ap

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º

Rf.º 5-11-2

chamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales en Mano Común que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMÚN EL MONTE DENOMINADO CASA DAS MINAS Y SAN BERNABÉ TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL PRIMER RESULTANDO DE ESTA RESOLUCIÓN COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE CHAMADOIRO DEL TÉRMINO MUNICIPAL DE CERDEDO, POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTÍCULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMÚN.

La presente RESOLUCIÓN podrá ser impugnada ante la jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCIÓN.

A para que conste, surta efecto, y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Regla-

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMÚN

N.º _____ Rf.º 5-11-2

mento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCIÓN por los miembros que asistieron a la sesión."


Transcurridos los plazos de interposición de recursos sin - que éstos se hayan presentado, la presente RESOLUCIÓN será firme a to - dos los efectos reglamentarios.

Lo que me complace en notificarle para su conocimiento y demás efectos.

Dios le guarde.
Pontevedra, 10 de Julio de 1978
EL SECRETARIO DEL JURADO



- 0 Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento.- CERDEDO.
- 0 Sr. Presidente de la Cámara Agraria Local.- CERDEDO.
- 0 Sr. Presidente Comunidad Vecinal del Monte





CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO

N.º	36	15682
-----	----	-------

En Santiago de Compostela, a tres de maio de dous mil de mil novecientos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ISAAC PORTO CADAVID como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de Chamadoira (Cerdedo), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ambalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asinarlo presente convenio.

EXPONENTE

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do _____ para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risqueuse, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Chamadoira

e son os que a continuación se describen:

Denominación: " Casa das Minas "

Termo municipal: CERDEDO

Provincia: PONTEVEDRA

C.M.V.M.C. - 2

Situación administrativa e legal Monte Veciñal en Man Común

Límites:

N.: Montes de San Bernabe e Viduido

S.: Termo Municipal de Cotobade

L.: Rio Seixo e monte Rega VI e Cavadosa

O.: Termo Municipal de Cotobade

Superficie: 139 Has

Estado forestal: 80 Has: pino xoven 1 e 2 anos (pinaster); 30 Has: pino pinaster adulto;
29 Has: Raso

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes:

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Chamadoira

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 88 Has do consorcio 2280

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o 0 por cento, e a comunidade propietaria, o 0 por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obtenga, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 25 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será pino pinaster

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don M^{re} José León Gómez, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de "Casa das Minas e San Bernabe" (Cerdedo) (Chamadoiro)

2.—Que, así mesmo, figura Don Isaac Portos David, e Don Santiago Fernando Antelo Iglesias, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 02-07-2003

E para que conste, expido a presente certificación en Pontavedra a 7 de febreiro de 1999 2000



Don Santiago Fernando Angelo Iglesias, Secretario de Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de CHAMADOIRA

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quórum, en sesión celebrada o día dous de xullo de 1999 estando designado Don Isaac Portos Cadavid representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pontevedra

a trinta de Agosto de mil novecentos noventa e nove

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O Presidente

Asdo.: Isaac Portos Cadavid

Asdo.: Santiago Fernando Angelo Iglesias

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura

Pola propiedade,

O CONCELLEIRO
Pola Consellería de Medio Ambiente
O SECRETARIO XERAL
Asdo.: José Luis Abad García - 7-00



Para os efectos previstos na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado "Casa das Minas e San Bernabé" da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Chamadoira, no concello de Cerdedo-Cotobade (Expediente: RE22054).

O 06.10.2023 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

"Feitos:

Primeiro. O 29.09.2022 e número 2022/2389404 a Comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Chamadoira (concello Cerdedo-Cotobade) solicita a revisión do esbozo do monte veciñal en man común (en diante, MVMC) de Casa das Minas e San Bernabé. A dita solicitude deu lugar a apertura do expediente RE22054. Consta no expediente logo de emenda:

- Memoria valorada xustificativa de todas as accións realizadas. Asinado polo enxeñeiro de montes colexiado núm. 3.117 modificada en setembro do 2023.
- Certificado da secretaria coa conformidade do presidente da CMVMC de Chamadoira do 31.08.2022 da aprobación en Asemblea Xeral do 26.06.2022.
- Cartografía en formato dixital DATUM ETRS-89 FUSO 29.

Realízase a revisión de todo o perímetro lindeiro con propietarios particulares e axustase a base cartográfica da Dirección Xeral do Catastro. O MVMC de Casa das Minas e San Bernabé fórmase por 2 cotos redondos.

- No coto redondo do Norte a CMVMC de Chamadoira axusta o linde co MVMC de San Bernabé consonte a sentenza xudicial 41/2008 do da Audiencia Provincial da sección núm. 1 de Pontevedra recaída en apelación contra a sentenza pronunciada en autos no xuízo ordinario 517/07 polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución da Estrada (toma de razón do Xurado de MVMC de Pontevedra do 22.02.2010). Asemade, reduce a superficie do seu esbozo cara o Oeste para axustar o límite co MVMC de San Bernabé ó rego do Porto das Cubas que é o límite real que se describe na carpeta ficha de ambos montes. Asemade, reduce a superficie do seu esbozo no linde Sur co MVMC de Corredoira para axustarse ao límite catastral
- No coto redondo do Sur a CMVMC de Chamadoira reduce a superficie do seu esbozo no linde co MVMC de Viduido xa que existe un pasteiro que pertence a CMVMC de Viduido. Descóntase do MVMC de Chamadoira a superficie de dominio público de estradas.



Non se modifican os límites co MVMC de Caroi nin co MVMC de Seixo e Regaseis (Cabadosa).

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo é parte do perímetro do MVMC Casa das Minas e San Bernabé da CMVMC de Chamadoira con Resolución de clasificación do Xurado de MVMC de Pontevedra do 21.09.1978 e unha superficie inicial de 139 has.

Segundo os datos do Sistema Rexistral Forestal regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

- Existe o contrato de xestión pública coa Consellería do Medio Rural co número de elenco 3615682 pola totalidade da superficie.
- A CMVMC de Chamadoira dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de montes ordenados de Galicia co núm. 360312 e vixente ata 2031.
- Non constan actos de disposición que modifican o perímetro e superficie do MVMC

Terceiro. O perímetro da revisión do esbozo proposto total é de 10,03 qm e unha superficie de 97,74 has. Non se modifican os límites da resolución de clasificación do MVMC de Casa das Minas e San Bernabé.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Chamadoira, Exped.: RE22054, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

Consideracións Legais e Técnicas

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade



veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.>

Segunda. A revisión do esbozo do monte Casa das Minas e San Bernabé proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Chamadoira (Cerdedo - Cotobade).“

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal denominado Casa das Minas e San Bernabé e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Casa das Minas e San Bernabé clasificado a prol da CMVMC de Chamadoira (Cerdedo - Cotobade), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

sinatura dixital



547500

548000

548500

549000

4706500

4706000

4705500

4706500

4706000

4705500

Monte "Casa das Minas e San Bernabé"
97,74 ha

Chamadoira



CVE: vZLNWp4t17
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve/4705500>



atum ETRS89 - UTM zona 29N

Escala 1:6000

Xaneiro - 2024

REVISIÓN DE ESBOZO PARCIAL. Expte: RE22054
ID 2557- Casa das Minas e San Bernabé
ID 2965- Pertenza Chamadoira (Cerdedo-Cotobade)

CMVMC de Chamadoira
Concello de Cerdedo - Cotobade



CONSELLERÍA
DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes